

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 08-10-2025, ditou a resolución con número 2904/2025 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Aprobación da Listaxe Provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Clarinete.**

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Por Resolución da Alcaldía núm. 2779/2025, do 25/09/2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Clarinete.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 186 do 30/09/2025. De conformidade co disposto na base sexta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 07/10/2025.

**Segundo.-** Durante o prazo de presentación de solicitudes achegáronse as seguintes solicitudes:

| Nº | APELIDOS          | NOME      | DNI       | NUM. REXISTRO   | DATA       |
|----|-------------------|-----------|-----------|-----------------|------------|
| 1  | BALSEIRO GREGORIO | SILVIA    | ***4151** | 202590000006030 | 07/10/2025 |
| 2  | FARIÑA MOSCOSO    | IRIA      | ***9200** | 202599900006384 | 07/10/2025 |
| 3  | RELOVA GALLEGO    | JOSE LUIS | ***9032** | 202599900006414 | 07/10/2025 |
|    |                   |           |           | 202599900006415 | 07/10/2025 |
|    |                   |           |           | 202599900006416 | 07/10/2025 |
| 4  | ROMERO DEMUYNCK   | REBECA    | ***0266** | 202599900006350 | 06/10/2025 |
| 5  | SEIJAS VIEITES    | ANTON     | ***2940** | 202599900006395 | 07/10/2025 |

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base Sétima da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS Clarinete** (Grupo II, equivalente a A2).

### Admitidos/as:

| Nº | APELIDOS          | NOME   | DNI       | Motivos Exclusión | CELGA ou equivalente |
|----|-------------------|--------|-----------|-------------------|----------------------|
| 1  | BALSEIRO GREGORIO | SILVIA | ***4151** | -                 | SI                   |

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000013  
Exp. 2025/G003/002983

| Nº | APELIDOS       | NOME | DNI       | Motivos Exclusión | CELGA ou equivalente |
|----|----------------|------|-----------|-------------------|----------------------|
| 2  | FARIÑA MOSCOSO | IRIA | ***9200** | -                 | SI                   |

**Excluídos/as:**

| Nº | APELIDOS        | NOME      | DNI       | Motivos Exclusión | CELGA ou equivalente |
|----|-----------------|-----------|-----------|-------------------|----------------------|
| 1  | RELOVA GALLEGO  | JOSE LUIS | ***9032** | 3                 | SI                   |
| 2  | ROMERO DEMUYNCK | REBECA    | ***0266** | 1, 3 / (1) (2)    | SI                   |
| 3  | SEIJAS VIEITES  | ANTON     | ***2940** | 2                 | SI                   |

**Motivos de exclusión (segundo ao indicado na base 6.5):**

- Non achega o modelo específico de solicitude (Anexo I das Bases Reguladoras do proceso selectivo) ou a documentación está incompleta.
- Non achega a titulación esixida ou está incompleta.
- Non achega declaración responsable esixida.

**Observacións:**

- (1) Non achega a relación de méritos (índice). Non sendo motivo de exclusión, é requisito para a valoración dos méritos debidamente acreditados.
- (2) Non aporta documentos acreditativos dos méritos alegados ou presentase de maneira incompleta no apartado de experiencia profesional (en tódolos casos deberá aportarse informe de vida laboral).

**Segundo.-** As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un **prazo de dous (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a designación nominal do Tribunal.

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcaldesa en funcións

Secretaria

María Belén Lendoiro Esmorís

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/E001/000013  
Exp. 2025/G003/002983

administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales